



Mércores, 6 de xullo de 2022

8 das 10 seccións sindicais do BS non asistimos a última convocatoria da empresa, que xa sabe que ten que convocarnos a unha mesa de negociación.

Non nos prestamos a facer de portavoces da patronal.

BS ten completamente perdido o respecto ás e aos seus empregadas e empregados, feito que se manifesta na actitude coa que aborda as relacións coa Representación Legal dos Traballadores.

Nos últimos tempos, en resposta a reclamacións da **UNIDADE DE ACCIÓN SINDICAL**, a empresa dedícase a convocarnos a reunións informativas e estériles para ternos entretidos e anunciarnos medidas valeiras, que non resolven a problemática real de cargas de traballo, presión comercial, desaxustes do prezo dos quilometraxes-dietas, teletraballo pendente de regulación, salarios desfasados pola inflación e un longo etc...

O colmo da burla deuse o pasado luns 4 de xullo, no que a empresa convocou a toda a RLT con "TEMAS VARIOS" como asunto da convocatoria. ¿A que "cita a cegas" pretende o Banco chamarnos?. Seguen, á vista está, sen ser conscientes da seriedade e urxencia dos problemas a tratar cando convocan a unha reunión sen aportar unha mínima indicación do contido da mesma.

Ante esta bochornosa situación, por respecto ás organizacións e ao persoal ao que representamos, os membros da Unidade de Acción acordamos non asistir. CUADROS, pola contra, si o fixo. De calquera que sexan os motivos que emerxen na súa acción, son naturalmente, responsables únicos.

A **Unidade de Acción** ten claro que a reclamación de melloras non se efectúa arrolando ao Banco nin acompañándoo nas súas medidas sen sentido. Non nos cansaremos de dicir que a situación pola que a forza de traballo do Banco está pasando merece unha resposta urxente en forma de **NEGOCIACIÓN, ACORDO E PACTO**. Non aceptaremos migallas que a patronal intente colocar unilateralmente coma medidas salvadoras e para as que conten coa complicidade do primeiro sindicato que se preste...

O máis sinxelo para nos sería asistir a esas desaproveitadas reunións, aparentar que como sindicatos facemos o noso traballo e vender nunha circular que as mínimas e unilaterais concesións da empresa son mérito noso. Hai quen o fai. A Unidade Sindical non será cómplice de este fraude ao cadro de persoal. É por elo que unidos tomamos decisións coas que augar ao Banco a estratexia do "divide e vencerás".

Ás dúas seccións sindicais que asistiron a esa reunión recordámoslles que para que o resto sexa o que as compañeiras e compañeiros necesitan, ningunha forza sindical, debería ser partícipe das continuas estratexias paralizantes da empresa.

CC.OO. de non cesar na súa actitude, han de recoñecerse culpables da crítica situación do cadro de persoal.

A Cuadros, lles recomendamos que toda decisión require responsabilidade e madurez para asumir as consecuencias da mesma. Nadar e gardar a roupa non acostuma a saír ben.